



## ACTA DO XURADO DO IV PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA

Na Sala A da Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela, sendo as 17:30h. do 29 de febreiro do 2016, reuniuse o xurado do IV Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, constituído por dona Carmen Carreiro Montero, presidenta da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe, en calidade de secretaria con voz e sen voto; don Luís Cochón Touriño, como presidente do xurado; dona Mercedes Queixas Zas, vogal, e don Armando Requeixo, tamén vogal.

Logo da pertinente deliberación, o xurado decidiu outorgar por unanimidade o premio do certame ao poemario presentado baixo o título *Exhumación* e pseudónimo Cerval. Aberta a plica, o texto resultou ser da autoría de Marcos Abalde Covelo.

O xurado salientou en *Exhumación* o tempero dunha voz moi afinada, chea de resonancias e lecturas que soubo procesar para ofrecer unha aproximación ben persoal a temas e motivos entre os que a memoria dos desfavorecidos, represaliados e desherdados resulta decisiva.

Posuidor dunha arquitectura moi sólida e tramada, a dicción culta deste poemario convence polo seu poder evocador e a fulguración das imaxes labradas con gran mestría.

Asinan a presente, ás 19:00, no lugar amentado

Dona Carmen Carreiro Montero  
Presidenta AC O Cruceiro da Laxe

Don Luís Cochón Touriño  
Presidente do xurado

Dona Mercedes Queixas Zas  
Vogal

Don Armando Requeixo  
Vogal